

**Orde do 28 de agosto de 1996 pola que se regula o procedemento de elección dos órganos de goberno dos centros privados concertados.  
(DOG do 26 de setembro)**

A Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, avaliación e goberno dos centros docentes, derroga expresamente o título III (Dos órganos de goberno nos centros públicos) da Lei orgánica 8/1985, reguladora do dereito á educación, e determina no apartado 4 da súa disposición derradeira primeira a composición dos consellos escolares dos centros concertados.

Pola súa parte, esta comunidade autónoma mediante o Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico de institutos de educación secundaria modifica o Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario.

Sobre estas bases e atendendo ó sinalado na disposición derradeira quinta da citada Lei orgánica 9/1995, procede que esta administración educativa estableza as regras concretas que deberán rexe-la elección, constitución e renovación dos consellos escolares, así como a designación e duración do mandato do director dos centros privados concertados, adaptándoa ó establecido na nova normativa.

Por todo isto, esta consellería,

DISPON:

**Primeiro.**

O procedemento electoral para os distintos sectores con representación no consello escolar dos centros docentes privados concertados realizarase de acordo co regulamentado nesta orde e nos aspectos non previstos nesta haberá que aterse ó establecido para os centros públicos no Decreto 92/1988, do 28 de abril, modificado polo Decreto 324 /1996, do 26 de xullo.

**Segundo.**

Nos centros de formación profesional constituirase necesariamente o consello escolar se teñen, cando menos, cinco unidades concertadas.

**Terceiro.**

1. Os centros concertados con máis dun nivel ou etapa financiado con fondos públicos poderán ter un único director, consello escolar e claustro de profesores para todo o centro.

2. No suposto previsto no apartado anterior, nos órganos colexiados de goberno participarán os pais e profesores de tódolas etapas ou niveis educativos, sostidos con fondos públicos.

**Cuarto.**

O consello escolar dos centros concertados estará constituído por:

- O director.
- Tres representantes do titular do centro.
- Catro representantes dos profesores.
- Catro representantes dos pais ou titores dos alumnos.

-Dous representantes dos alumnos, a partir do primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria.

-Un representante do persoal de administración e servicios. Nos centros específicos de educación especial considerárase incluído no persoal de administración e servicios o persoal de atención educativa complementaria.

#### **Quinto.**

Dos representantes que lles corresponden ós pais no consello escolar un será proposto pola asociación de pais máis representativa, os outros serán elixidos por votación ante a mesa electoral polos pais, nais ou titores de acordo co procedemento establecido no Decreto 92/1988, do 28 de abril.

#### **Sexto.**

Nos centros que impartan formación profesional específica poderase incorporar ó consello escolar, con voz pero sen voto, un representante proposto polas organizacións empresariais ou institucións laborais presentes no ámbito de acción do centro.

#### **Sétimo.**

1. A organización e supervisión do procedemento de elección dos membros do consello escolar correrá por conta da xunta electoral que se constituirá en cada centro e que estará integrada por: o director do centro, un representante do titular do centro, un pai, nai ou titor legal, un representante do profesorado, un alumno ou alumna a partir do primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria e un representante do persoal de administración e servicios, designados, os catro últimos, por sorteo.

2. A xunta electoral terá as seguintes competencias:

- a) Aprobar e publica-los censos electorais que deberán reflectir, en todo caso, nome e apelidos dos electores.
- b) Concreta-lo calendario electoral.
- c) Ordena-lo proceso electoral.
- d) Admitir e proclamar candidaturas.
- e) Promove-la constitución das distintas mesas electorais.
- f) Resolve-las reclamacións presentadas contra as resolucións das mesas electorais.
- g) Proclama-las candidaturas elixidas e remiti-las correspondentes actas á delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- h) Reclamar do titular do centro a designación dos seus tres representantes no consello escolar.
- i) Reclamar da asociación de pais de alumnos o seu representante no consello escolar.
- j) Reclamar, de se-lo caso, das asociacións empresariais un representante que actuará con voz e sen voto.

#### **Oitavo.**

1. Para efectos do contemplado no punto quinto, a xunta electoral solicitará, cando proceda, á asociación de pais de alumnos do centro, legalmente constituída, que teña maior número de asociados por proposta dun representante para o consello escolar, dando un prazo de 10 días para o efecto.

2. No caso de non existir proposta da asociación de pais de alumnos para ocupa-la praza que lle corresponde a esta, esa vacante cubrirase conxuntamente e co mesmo procedemento cos outros representantes dos pais. Para efectos de futura renovación parcial, asignarase a praza correspondente á proposta da asociación de pais de alumnos ó candidato máis votado.

#### **Noveno.**

1. Para efectos do contemplado no punto sexto a xunta electoral solicitaralles ás organizacións empresariais ou institucións laborais que prestan a súa colaboración para a realización do módulo de formación en centros de traballo a proposta dun representante para o consello escolar, con 15 días de antelación á constitución deste. Presentará nova petición cada dous anos, coincidindo coa renovación da metade dos membros do consello escolar.

2. As organizacións empresariais ou institucións laborais presentarán a súa proposta polo menos cinco días antes da constitución do consello escolar.

#### **Décimo.**

No consello escolar dos centros de nova creación, e na primeira convocatoria de eleccións ó consello escolar que se realice con posterioridade á publicación desta orde, cada sector da comunidade educativa elixirá a totalidade dos seus representantes.

#### **Undécimo.**

1. A elección dos membros do consello escolar e a constitución deste nos centros de nova creación efectuarase no mes de outubro.

2. A primeira renovación do consello escolar nos centros de nova creación producirase ó cabo dun ano ou dous, de maneira que coincida coa renovación do resto dos consellos escolares no ámbito da Comunidade Autónoma.

#### **Duodécimo.**

1. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, dous anos despois de constituído o consello escolar de acordo co punto décimo, levarase a cabo a primeira renovación parcial de acordo co artigo 55 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, na nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, e serán substituídos os seguintes membros: dous profesores, dous pais e un alumno.

2. Dous anos despois desta primeira renovación parcial, substituiranse os membros non recollidos anteriormente, isto é: dous profesores, un alumno, o representante do persoal de administración e servizos e dous pais, un destes proposto pola asociación de pais de alumnos.

3. Na primeira renovación parcial do consello escolar á que fai referencia o apartado 1 deste punto, para efectos de determinar que membros do consello escolar deben continuar e cales deben ser substituídos, terase en conta a súa relación co centro nos anos seguintes; permanecerán no consello escolar os profesores, pais e alumnos que sigan vinculados a estes nos dous próximos cursos, e no seu defecto, os que continúen un curso.

De ser varios profesores, pais ou alumnos que reúnen estas condicións, valoraranse como criterios para permanecer no consello escolar:

- a) Maior número de votos alcanzado no último proceso electoral.
- b) Maior antigüidade no centro.
- c) Maior idade.

**Décimo terceiro.**

Na primeira constitución e sempre que se produza unha renovación parcial a xunta electoral solicitará do titular a designación dos seus tres representantes para formar parte do consello escolar, sen prexuízo de que o titular designe as persoas que viñan obtendendo esta representación anteriormente.

**Décimo cuarto.**

O quórum para a válida constitución dos órganos colexiados, para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirá a presenza do presidente e do secretario ou, se é o caso, dos que os substitúan, e da metade polo menos, dos seus membros.

Se non existise quórum, o órgano constituirase en segunda convocatoria no seguinte día lectivo, no mesmo lugar e na mesma hora; neste caso será suficiente coa asistencia de tres membros dos relacionados na disposición cuarta desta orde.

**Décimo quinto.**

1. As reunións do consello escolar celebraranse en día e hora que posibiliten a asistencia de tódolos membros.

2. Os órganos colexiados reuniranse preceptivamente en sesión ordinaria unha vez por trimestre e sempre que os convoque o seu presidente ou o solicite un tercio, polo menos, dos seus membros. Neste último caso, o presidente realizará a convocatoria no prazo máximo de 20 días contados desde o seguinte día a aquel no que se presente a petición. A sesión celebrárase como máximo no prazo dun mes contado desde o día seguinte á entrega da petición de convocatoria.

En todo caso, reuniranse ó inicio e remate de curso.

3. Os profesores pertencentes ós órganos colexiados están obrigados a asistir ás reunións destes.

**Décimo sexto.**

A designación do director realizarase de acordo coas normas establecidas no artigo 59 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito a educación.

2. Dentro dos dez días seguintes á designación, o titular do centro deberá comunicar ó delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o nome do novo director.

3. A toma de posesión terá efectos do 1 de xullo do ano no que se efectúa o proceso electoral.

4. A duración do mandato do director será de catro anos.

**Disposición adicional**

Única.-Aplicarase con carácter supletorio o disposto no capítulo II, sobre réxime xurídico dos órganos colexiados, do título II da Lei 30/1992, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**Disposición transitoria**

Única.-Para efectos da maioría absoluta do consello escolar prevista no artigo cincuenta e nove da LODE non serán computados os alumnos de primeiro ciclo de secundaria obrigatoria, dado que non participan no proceso de designación do director.

**Disposicións finais**

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Centros para dictar as normas necesarias para a aplicación e desenvolvemento do establecido nesta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 1996.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria